



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019-2020

CENTRO: IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL


CURSOS: 4ºESO, 1º BAC., 2º BAC.

MATERIAS: LATÍN

DEPARTAMENTO: LATÍN

DATAS: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



Índice de contenido

LATÍN DE 4º DA ESO.....	3
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	3
Avaliación e cualificación.....	7
Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	8
Información e publicidade.....	9
LATÍN DE 1º DE BACHARELATO.....	10
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	10
Avaliación e cualificación.....	16
Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	17
Información e publicidade.....	18
LATÍN 2º DE BACHARELATO.....	19
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	19
Avaliación e cualificación.....	22
Materia Pendente.....	23
Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	24
Información e publicidade.....	25

LATÍN DE 4º DA ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterios de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances.	
B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.	1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	1.5.1. Fai a evolución de termos latinos ao galego e ao castelán, distinguindo palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos	
B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.
Bloque 3. Morfoloxía	
B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	3.2.1. Distingue palabras variables e invariables.
B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	3.3.1. Aplica o concepto de declinación e conxugación na análise de formas verbais e nominais.

<p>B3.4. Coñecer as catro primeiras declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.</p>	<p>3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. 3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.</p>
<p>B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.</p>	<p>3.5.1. Clasifica os verbos latinos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. 3.5.2. Coñece e identifica as formas do enunciado dos verbos regulares e dos verbos sum, possum, e volo.</p>
<p>B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.</p>	<p>3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino na voz activa e o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto: o presente, o imperfecto e o perfecto. 3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.</p>
<p>Bloque 2. Sintaxe</p>	
<p>B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.</p>	<p>4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.</p>
<p>B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.</p>	<p>4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. 4.2.2. Traduce correctamente os casos latinos presentes nos textos.</p>
<p>B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e</p>	<p>4.3.1. Aplica na tradución de textos e frases as regras de concordancia latina. Redacta en latín pequenas frases,</p>

no castelán.	respectando estas regras.
B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo máis transparentes.	4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos o infinitivo de presente en función de C.D.. Analiza e traduce correctamente estas oracións.
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización	
B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma ata os emperadores que sucederon a Augusto e explica os seus trazos esenciais. LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.
B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.	5.2.2. Explica as características das clases sociais en Roma e os papeis asignados a cada unha delas. Explica as principais funcións das maxistraturas romanas.
B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	5.3.1. Coñece as distintas formas de matrimonio en Roma . Coñece os ritos relacionados co nacemento e a infancia. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.
B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, identifica os seus atributos e funcións. Relata oralmente e por escrito mitos grecolatinos.
B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma.	5.6.1. Identifica os tipos de vivenda en Roma. Coñece os nomes das partes da domus e identifica correctamente as estancias nunha imaxe.
Bloque 6. Textos	
B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade	6.1.1. Aplica correctamente os coñecementos de morfoloxía e sintaxe para traducir correctamente frases de dificultade graduada e textos adaptados. Fai a retroversión de frases

progresiva e textos adaptados.	sinxelas.
Bloque 7. Léxico	
B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.
B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.	7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.
B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
Avaliación	Procedementos: observación do traballo na aula; realización de tarefas na casa; respostas orais; cuestionarios escritos; probas obxectivas. Traballo telemático no terceiro trimestre.
	Instrumentos: rexistro do traballo de aula individual e en grupo e das tarefas realizadas na casa; rexistro dos resultados dos cuestionarios e das probas. Rexistro do traballo telemático do terceiro trimestre coa estimación do proceso de aprendizaxe.
Cualificación final	A cualificación final será o resultado da media entre a 1ª e 2ª avaliación, cun posible incremento de ata 2 puntos polo traballo realizado no terceiro trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	O alumnado do grupo de Latín de 4º conta cunha avaliación final positiva, de acordo cos criterios de avaliación e de cualificación establecidos.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Actividades	<p>A partir de textos adaptados, fundamentalmente de contido mitolóxico, realizamos actividades e exercicios morfosintácticos e de tradución. Cuestións de comprensión sobre textos latinos. Busca de información sobre obras artísticas gregas en conexión con lendas mitolóxicas.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Os venres ou os luns o alumnado recibiu un documento con tarefas semanais. Nesa semana tiña lugar a revisión e corrección das tarefas. A semana seguinte o alumnado tiña que revisar estas correccións e preguntar dúbidas, ademais de facer as novas tarefas da semana.</p> <p>Os alumnos /as que entregaron tarefas con moitos erros, tiveron que facer exercicios extra máis básicos.</p> <p>Marcamos sempre un prazo de entrega, para que o alumnado se puidese organizar mellor, tamén coas outras materias, pero atendendo ás posibles complicacións que puidesen xurdir, e ampliando así os prazos.</p> <p>Dende a primeira semana de traballo telemático tenteouse contactar (por medio de Abalar, Xefatura de Estudos e o Titor) cunha das alumnas do grupo sen conectividade, pero sen resultado.</p>
Materiais e recursos	<p>Os envíos e entregas das tarefas levámolo a cabo por DRIVE, onde cada alumno/a conta cunha carpeta.</p> <p>A comunicación para prantexar dúbidas, facer comentarios, dar instrucións etc. realizouse a través do correo electrónico.</p> <p>Os materiais e recursos empregados foron os documentos coas tarefas, o libro de texto, bancos de imaxes, Internet.</p>

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias	Por medio do correo electrónico, Abalar e, nalgún caso, por teléfono.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

LATÍN DE 1º DE BACHARELATO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterios de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. O Latín, orixe das linguas romances.	
B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.	1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	<p>1.5.1. Caracteriza as distintas etapas do latín. Distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.</p> <p>1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos.</p> <p>1.5.3. Investiga sobre a presenza do latín na ciencia e na cultura.</p>
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos	
B2.3. Pronuncia do latín: tipos.	B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando diferentes tipos de pronuncia.

Bloque 3. Morfoloxía	
B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	B3.1.1. Aplica a análise morfolóxica, sinalando e diferenciando lexemas , morfemas e desinencias, para recoñecer as formas da flexión nominal e verbal.
3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado.	3.2.1. Distingue palabras variables e invariables.
B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	3.3.1. Aplica o concepto de declinación e conxugación na análise de formas verbais e nominais.
B3.4. Coñecer as catro primeiras declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. 3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	3.5.1. Clasifica os verbos latinos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. 3.5.2. Coñece e identifica as formas do enunciado dos verbos regulares e dos verbos sum, possum, volo, eo, fero .
B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.	3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino na voz activa e o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto: o presente, o futuro imperfecto, o pretérito imperfecto, o perfecto e o pluscuamperfecto. 3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.
B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha.	3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos e os seus trazos. Identifica claramente e traduce o participio de presente e o de perfecto. Recoñece as oracións máis

	sinxelas de infinitivo.
B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais.	B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas.
Bloque 2. Sintaxe	
B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.
B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. 4.2.2. Traduce correctamente os casos latinos presentes nos textos.
B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	4.3.1. Aplica na tradución de textos e frases as regras de concordancia latina. Redacta en latín pequenas frases, respectando estas regras.
B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.	B4.5.1. Distingue nos textos as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e nexos.
B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.	B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración: o participio concertado e o infinitivo en función de O.D.
B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo máis transparentes.	B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.

Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización	
B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais. 5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente, principalmente referidos á República e á fin da República.
B5.3. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.	5.4.2. Explica as características das clases sociais en Roma e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais. Analiza criticamente o papel da muller na sociedade grecoromana comparándoo co actual. Le Troyanas , de Eurípides, e contesta a un cuestionario sobre a obra.
B5.5. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, identifica os seus atributos e funcións. Elabora unha recreación escrita do mito de Pandora dende unha perspectiva non misóxina.
B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais.	Le a fábula de “Amor e Psique” e fai un control de lectura sobre a mesma. A lenda de Troia: elementos históricos e míticos. A figura de Schliemann.
- Coñecer as principais características da relixión romana.	- Coñece a organización do culto relixioso oficial. - Coñece as principais divindades do culto doméstico. - Investiga sobre os cultos místéricos e orientais en Grecia e en Roma.

<p>- Coñecer manifestaciones literarias grecolatinas e ler obras e fragmentos das mesmas.</p>	<p>Hesíodo: Los trabajos y los días.vv. 42-105, el mito de Pandora. Homero: Fragmentos da Ilíada e da Odisea. Apuleio: El Asno de Oro, a fábula de Amor e Psique. Virxilio: A Eneida.</p>
<p>- Identificar o núcleo da antiga Roma.</p>	<p>- Localiza nun mapa o núcleo da antiga Roma cos lugares e monumentos máis representativos (o Foro, o Templo de Vesta, O Templo de Xúpiter etc...).</p>
<p>-B5.8. Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes.</p>	<p>5.8.1. Busca información e elabora unha presentación en grupo sobre antigos monumentos romanos.</p>
<p>Bloque 6. Textos</p>	
<p>B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.</p>	<p>6.3.1. Emprega correctamente o Vocabulario, valorando a información gramatical nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.</p>
<p>B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.</p>	<p>6.1.1. Aplica correctamente os coñecementos de morfoloxía e sintaxe para traducir correctamente frases de dificultade graduada e textos adaptados. Fai a retroversión de frases sinxelas.</p>
<p>B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.</p>	<p>6.4.1. Consta a cuestións de comprensión sobre textos latinos, tanto en latín como en galego ou castelán.</p>

Bloque 7. Léxico	
B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras linguas.
B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances.	B7.3.1. Deduce o significado das palabras nas linguas romances a partir dos étimos latinos.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	Procedementos: observación do traballo na aula; realización de tarefas na casa; respostas orais; cuestionarios escritos; probas obxectivas. Exposicións. Tarefas realizadas no terceiro trimestre.
	Instrumentos: rexistro do traballo de aula individual e en grupo e das tarefas realizadas na casa; rexistro dos resultados dos cuestionarios e das probas. Rexistro do traballo telemático do terceiro trimestre coa estimación do proceso de aprendizaxe.
Cualificación final	A cualificación final será o resultado da media entre a 1ª e 2ª avaliación, cun posible incremento de ata 2 puntos polo traballo realizado no terceiro trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	Todo o alumnado de Latín de 1º de Bacharelato, de acordo cos criterios de avaliación e de cualificación establecidos, conta cunha avaliación final positiva en xuño.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Actividades	<p>A partir de textos adaptados, realizamos actividades e exercicios morfosintácticos e a tradución dos textos. Cuestións de comprensión sobre textos latinos. Busca de información e descripción de antigos monumentos romanos. Lecturas do libro de texto e contestar a cuestións relacionadas cos temas tratados.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Os venres ou os luns o alumnado recibiu un documento coas tarefas a realizar ao longo da semana. Nesa semana tiña lugar a revisión e corrección das tarefas. A semana seguinte o alumnado tiña que revisar estas correccións e preguntar dúbidas, ademais de facer as novas tarefas da semana. En maio marcamos unha actividade para realizar ao longo dunha quincena (do 4 ao 18).</p> <p>Indicamos sempre un prazo de entrega, para que o alumnado se puidese organizar mellor, tamén coas outras materias, pero atendendo ás posibles complicacións que puidesen xurdir.</p> <p>O alumnado dispuxo de conectividade.</p>
Materiais e recursos	<p>Os envíos e entregas das tarefas realizouse por DRIVE, onde cada alumno/a dispuxo dunha carpeta.</p> <p>A comunicación para prantexar dúbidas, facer comentarios, dar instrucións etc. levouse a cabo a través do correo electrónico.</p> <p>Como materiais e recursos empregamos os documentos subidos a Drive co bloque de tarefas, o libro de texto, Vídeos, imaxes e lecturas.</p>

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias	Por medio do correo electrónico, Abalar e nalgúns casos, por teléfono.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

LATÍN 2º DE BACHARELATO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Morfoloxía	
Distinguir claramente as categorías gramaticais.	Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.
Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.	Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.
Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais (con excepción de pronomes ou adxectivos indefinidos de escasa frecuencia).	Identifica calquera tipo de formas nominais e pronominais (con excepción de algúns indefinidos), declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.
Identificar, conxugar e traducir todas as formas verbais en forma persoal.	Identifica, conxuga e traduce verbos regulares e irregulares, na voz activa e pasiva, en indicativo e en subxuntivo. Recoñece e traduce correctamente os verbos deponentes.
Identificar y analizar claramente os participios. Identificar y analizar o xerundio e o xerundivo.	Distingue claramente entre o participio de perfecto e o de presente e sabe analizalos morfoloxicamente. Distingue con certa seguridade entre o xerundio e o xerundivo e é capaz de analizalos morfolóxicamente.
Recoñecer as formas de infinitivo na voz activa.	Identifica as formas de infinitivo na voz activa e analiza correctamente o tempo no que están.
Sintaxe	
Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe	Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e

nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.	pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.
Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.	Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas.
Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.	Aplica correctamente os coñecementos sintácticos para facer as traducións.
Recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas	Comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.
Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo. Principalmente do participio, do infinitivo (a construción concertada) , do xerundio e do xerundivo.	Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.
Literatura latina	
Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores e as súas obras máis representativas.	Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica con claridade as súas obras máis coñecidas.
Textos	
Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais, principalmente de Eutropio e	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.

Fedro.	
Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis axeitado na lingua propia para a tradución do texto.	Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis axeitado na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.
Léxico	
Seleccionar o significado máis axeitado na tradución dos textos, de acordo co contexto no que aparecen os termos.	Selecciona con seguridade os significados á hora de facer a tradución dun texto.
Deducir o significados de termos latinos por sus conexións co galego e o castelán.	Evita buscar no dicionario termos facilmente deducibles polo seu parecido co galego e o castelán.
Comprender e explicar claramente, poñendo exemplos, locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica e que forman parte do listado da CIUG.	Comprende e explica, no contexto axeitado, locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica e que forman parte do listado da CIUG.
Coñecer e explicar claramente os topónimos que figuran no listado da CIUG.	Coñece e explica a etimoloxía dos topónimos do listado da CIUG.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
Avaliación	<p>Procedementos: observación do traballo na aula; realización de tarefas na casa; respostas orais; cuestionarios escritos; probas obxectivas. Tarefas realizadas no terceiro trimestre.</p>
	<p>Instrumentos: rexistro do traballo de aula e dos resultados dos cuestionarios e das probas.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final será o resultado da media entre a 1ª e a 2ª Avaliación, pudiendo incrementar a nota ata dous puntos, polo traballo realizado no terceiro trimestre. O alumnado que non acade o aprobado de acordo co criterio anterior, poderá superar a materia, no caso de ter realizado como mínimo o 80% das tarefas do terceiro trimestre. Valorarase neste caso que as tarefas tivesen un mínimo de corrección, que foran realizadas seguindo as instrucións e entregadas dentro do prazo (no caso de non ter complicacións ou imprevistos comunicados debidamente).</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A proba extraordinaria de setembro incluirá os contidos imprescindibles recollidos nesta Programación e adptarase ao último modelo de exame da CIUG., cos mesmos criterios de cualificación.</p>

MATERIA PENDENTE

Alumnado de materia pendente

Criterios de avaliación: Son os que figuran na Programación adaptada de 1º de Bacharelato.

Criterios de cualificación:

- Os alumnos/as coas dúas primeiras avaliacións de pendentes aprobadas , aproban Latín I.
 - Os alumnos /as coas dúas avaliacións de Latín I suspensas ou con só a 1ª aprobada, que fixeron todas as tarefas específicas da materia pendente e, como mínimo o 60 % das tarefas de Latín II (1), tamén promocionan.
- Valorarase que as tarefas foran realizadas cun mínimo de corrección e dentro dos prazos sinalados, salvo imprevisto o complicación debidamente comunicados.
- O resto dos alumnos/as terán que presentarse a unha proba presencial ou telemática a finais de maio ou xuño, que se baseará nos contidos imprescindibles de Latín I recollidos na programación adaptada

(1) As tarefas de Latín II realizadas ao longo do curso e no terceiro trimestre inclúen actividades e exercicios de repaso e reforzo dos cursos anteriores.

Procedementos e instrumentos de avaliación: entrega de textos do nivel de 1º de BAC para a súa tradución, con cuestións de morfoloxía e sintaxe. Probas con exercicios de tradución e de gramática. Realización de tarefas específicas de Latín de 1º e de Latín de 2º.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Actividades	<p>Realizamos actividades de reforzo e repaso de contidos gramaticais (exercicios de análise morfosintáctica); tradución de textos , principalmente de Eutropio, e algunhas fábulas. Ampliamos contidos imprescindibles: as construcións de xerundio e xerundivo, morfoloxía e sintaxe do infinitivo e, na parte de teoría: o tema da Poesía Lírica e Toponimia. En relación co tema de Literatura, buscaron información en Internet sobre autores, obras ou cuestións relacionadas co mesmo.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Os venres ou os luns o alumnado recibiu un documento coas tarefas a realizar ao longo da semana. Nesa semana revisáronse as entregas, marcando os fallos, engadindo comentarios no documento de cada alumno/a. Na fin de semana ou o luns enviouse outro documento coas correccións. O alumnado tiña que revisar os seus erros tendo en conta as correccións, prantexar dúbidas etc.</p> <p>Os alumnos /as con moitas dificultades e que entregaron tarefas con moitos erros, tiveron que facer exercicios extra máis básicos, que despois foron corrixidos individualmente.</p> <p>Sinalouse sempre un prazo de entrega, para que o alumnado se puidese organizar mellor, tamén coas outras materias, pero atendendo ás posibles complicacións que puidesen xurdir, e ampliando así os prazos.</p> <p>Pola información de que dispoñemos, non houbo ningún alumno sen conectividade.</p>
Materiais e recursos	<p>Os envíos e entregas das tarefas levámolo a cabo por DRIVE, onde cada alumno/a conta cunha carpeta.</p> <p>A comunicación para prantexar dúbidas, facer comentarios, dar instrucións etc. realizouse a través do correo electrónico.</p> <p>Realizamos varias videoconferencias, por medio de “Cisco Webex Meetings”.</p> <p>Para a ampliación de contidos morfosintácticos imprescindibles, enviáronse documentos coas explicacións gramaticais xunto con exercicios de práctica; un documento co tema de Literatura e a listaxe dos topónimos da CIUG coas explicacións etimolóxicas.</p> <p>Foron recibindo os textos para traducir a partir do documento con textos de Eutropio e de Fedro elaborado para este curso.</p> <p>Para a ampliación de contidos morfosintácticos imprescindibles, o alumnado recibiu documentos coas explicacións gramaticais xunto con exercicios de práctica.</p> <p>Recibiron tamén un documento co tema de Literatura pendente, e a listaxe dos topónimos da CIUG coas explicacións etimolóxicas.</p>

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
Información ao alumnado e ás familias	Por medio do coreo electrónico, Abalar e, nalgúns casos, por teléfono.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

Esta Programación adaptada foi realizada por:

Luisa Fernanda Rodríguez Torres , Xefa do Departamento de Latín.